

Plan Estratégico 2012-2015

Facultade de Economía e Empresa



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

LIMIAR

O documento que agora se presenta é unha creación colectiva da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña. O Plan Estratégico 2012-2015 nace como resultado dunha reflexión profunda realizada no seo da comunidade universitaria do noso centro, a través duns mecanismos de participación articulados pola Comisión de Plan Estratégico da Xunta de Facultade. Por tal motivo, estamos diante dun documento de consenso. O plan recolle con clareza e nitidez o modelo de facultade que pretendemos construír durante a súa vixencia. O debate rigoroso e a súa aprobación pola Xunta de Facultade reflicten o compromiso de tod@s coa institución universitaria pública e unha aposta clara pola docencia e investigación de calidade nas áreas de Economía e Xestión Empresarial. Velaquí a nosa achega fundamental á sociedade que nos financia e na que desenvolvemos a nosa actividade.

O Plan Estratégico 2012-2015 da Facultade de Economía e Empresa será con certeza unha ferramenta útil que debe orientar as decisións institucionais que se adopten desde o noso centro. A formulación clara da misión, valores, eixes e obxectivos estratéxicos e a concreción de todo isto nun cadro de mando que facilitará o control e a rendición de contas constitúen unha ferramenta de xestión clave e un apoio fundamental para todos os cargos unipersoais e órganos colexiados da facultade. Sabermos tod@s cara onde queremos camiñar, a que ritmo, con que reparto de responsabilidades e con que medios materiais e humanos supón, na miña opinión, ter boa parte da solución aos problemas que teremos que resolver colectivamente.

Quero sinalar neste limiar que o Plan Estratégico 2012-2015 foi redactado nun ambiente de plena colaboración e serenidade institucional por parte de todos os membros da comunidade universitaria da Facultade de Economía e Empresa. Para min, isto constitúe en si mesmo unha fortaleza indubidable que posibilitará a implantación do plan de maneira eficaz e eficiente. O control do plan a través dos indicadores do cadro de mando será un mecanismo obxectivo para avaliar con rigor a xestión desenvolvida durante os seus anos de vixencia. En todo caso, cómpre desde o principio da súa implantación seguir solicitando a colaboración de tod@s para asegurar que a Facultade de Economía e Empresa vai acadar as súas metas nun contexto social e económico complexo e turbulento. Abofé que os cambios que estamos a vivir poden deturpar a nosa posición no conxunto do Espazo Europeo de Educación Superior; porén, se formos quen de fixar ben as prioridades e adoptar as decisións correctas, non deberíamos dudar de que tamén sería posible saír fortalecidos e mellor preparados para responder ao que a sociedade agarda de tod@s nós.

Anxo Calvo Silvosa

Decano

Facultade de Economía e Empresa

Somos un centro universitario público, cuxa finalidade é a formación superior e a investigación nas áreas de Economía e Empresa. Procuramos satisfacer as necesidades e as demandas da sociedade a través dun uso eficiente de todos os recursos dispoñibles, nun proceso continuo de mellora cara á excelencia académica e con respecto aos valores da Universidade da Coruña.

No ano 2015 **queremos**:

1. Ofrecer titulacións competitivas e orientadas á práctica profesional, nun contorno que fomenta a aprendizaxe, o desenvolvemento dun espírito crítico e independente e que fomenta a inserción laboral digna de graduados e posgraduados consonte o seu nivel académico.
2. Ser un centro internacional, que favoreza a mobilidade de estudantes, de investigadores, de profesores e do persoal de Administración e Servizos.
3. Asegurar que a nosa actividade investigadora sexa orientada a problemas reais e que os seus resultados poidan ser transferidos á sociedade.
4. Consolidar e profundar a nosa relación co contorno empresarial e a sociedade, a través tanto da orientación dos contidos curriculares como da nosa oferta investigadora.

En todo o que facemos, pretendemos establecer un compromiso firme cos seguintes valores:

Integridade. Desenvolvemos as nosas actividades con total respecto á legalidade, aos valores éticos e sociais, e ás persoas, con equidade, honestidade e rigor.

Liberdade intelectual. Dentro do marco definido polo método científico aplicable nos nosos ámbitos de estudo, defendemos o dereito de toda a comunidade a expresar os seus coñecementos e teorías así como as opinións de forma libre e cívica, como medio de progreso e difusión do coñecemento.

Compromiso e responsabilidade social. Pretendemos contribuír activamente a mellorar o sistema socioeconómico do noso contorno e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.

Asumimos como valor a responsabilidade académica ante a sociedade.

Cremos que cómpre darlle pulo ás accións que faciliten a conciliación da vida académica e familiar para todos os membros da comunidade universitaria.

Igualdade de oportunidades. Pretendemos ser un centro inclusivo.

Queremos promover a igualdade de oportunidades para todos os membros da comunidade de calquera contexto social, cultural, lingüístico e económico.

Fomentamos unha cultura e coñecemento libres de toda discriminación baseada na raza, a discapacidade, as crenzas relixiosas, as ideas políticas e sociais ou a orientación sexual. Asumimos como valor transversal o fomento das actitudes que promovan unha igualdade real entre homes e mulleres.

Respecto ao medio ambiente. Tentamos xestionar os recursos á nosa disposición xerando o menor impacto ambiental posible.

Eficiencia. Como xestores de recursos públicos, aspiraremos ao seu uso eficiente e responsable, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.

Participación. Fomentamos a participación entre todos os membros da comunidade universitaria da nosa facultade no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.

Transparencia e rendición de contas. Comprometémonos a informar das actuacións desenvolvidas como membros da comunidade universitaria da Facultade de Economía e Empresa, a xustificar os actos e a someternos a calquera tipo de control adecuado para verificar a consistencia da información proporcionada.

A transparencia económica e financeira é necesaria na xestión das organizacións, nomeadamente das públicas, e forma parte esencial do concepto de rendición de contas. Con todo, este concepto vai máis aló da mera publicidade pois consiste en trasladar aos diferentes grupos de interese na Facultade, tanto internos como externos, o labor desenvolvido durante un período de tempo. Trátase, pois, por así dicilo, de ser “transparentes” ou, noutras palabras, de resultar “cribles”.

Eixes estratéxicos

No documento da ACSUG e da ANECA que fai referencia aos criterios e ás directrices para a acreditación dos ensinos universitarios que conducen aos títulos oficiais españois de grao e de mestrado, fíxanse 5 eixes estratéxicos e 9 criterios, que configuran unha estrutura claramente orientada á docencia: non se fai referencia á actividade de investigación e os criterios propostos reflicten os ámbitos de valoración dos títulos oficiais. A partir da proposta das axencias de calidade, e despois de valorar as decisións fundamentais que a Facultade terá que tomar para asegurar unha maior eficacia da organización, a Facultade de Economía e Empresa (FEE) adopta a estrutura de eixes estratéxicos que se presenta a continuación:

1. Planificación e desenvolvemento do ensino
2. Servizos de apoio ao estudantado
3. Recursos de apoio ao ensino
4. Resultados
5. Garantía de calidade
6. Investigación.

A análise estratéxica realizada e a identificación de oportunidades, ameazas externas, fortalezas e debilidades, permiten definir obxectivos estratéxicos que se encadran neste seis eixes.

EIXE ESTRATÉXICO 1: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Obxectivo estratéxico 1. Consolidar a nova Facultade de Economía e Empresa.

Obxectivos operativos:

- a. Desenvolvemento normativo e adaptación dos regulamentos internos.
- b. Consolidación do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

Obxectivo estratéxico 2. Profundar no EEES e a internacionalización do centro.

Obxectivos operativos:

- a. Intensificar os intercambios de estudantes e profesores coas universidades europeas e latinoamericanas.
- b. Implantar un proxecto piloto de docencia en inglés.
- c. Velar por un acaído cumprimento das guías docentes.
- d. Ofrecer novos programas de simultaneidade de estudos con outras titulacións.
- e. Incrementar a oferta de mestrados universitarios.

EIXE ESTRATÉXICO 2: SERVIZOS DE APOIO AO ESTUDANTADO

Obxectivo estratéxico 1. Fomentar a empregabilidade de graduados e posgraduados.

Obxectivos operativos:

- a. Diseñar e implantar unha bolsa de traballo para os egresados da FEE.
- b. Orientar aos estudantes cara á inserción no mercado laboral.

Obxectivo estratéxico 2. Consolidar e ampliar a demanda de titulacións da Facultade.

Obxectivos operativos:

- a. Profundar no deseño dos plans de promocións das titulacións.

EIXE ESTRATÉXICO 3: RECURSOS DE APOIO AO ENSINO

Obxectivo estratéxico 1. Profundar no EEES e a internacionalización do centro.

Obxectivos operativos:

- a. Adaptar o edificio da Facultade ás necesidades docentes vinculadas ao EEES.

Obxectivo estratéxico 2. Achegar a FEE ao tecido empresarial.

Obxectivos operativos:

- a. Ampliar a carteira de convenios con empresas para a realización das prácticas.
- b. Promover activamente a participación de profesionais da empresa ou da administración pública na vida académica.
- c. Establecer unha colaboración efectiva co Servizo de Apoio ao Emprendemento para que membros da FEE poidan asesorar durante a creación de spin-offs universitarias.

EIXE ESTRATÉXICO 4: RESULTADOS

Obxectivo estratéxico 1. Mellorar os resultados da actividade de ensino-aprendizaxe.

Obxectivos operativos:

- a. Manter grupos de docencia de tamaño reducido.
- b. Mellorar a coordinación da docencia.
- c. Incrementar a taxa de graduación das titulacións de mestrado.

EIXE ESTRATÉXICO 5: GARANTÍA DE CALIDADE

Obxectivo estratéxico 1. Consolidar o proceso de xestión de calidade.

Obxectivos operativos:

- a. Elaborar o manual de calidade da nova facultade.
- b. Consolidar o proceso de revisión e mellora das titulacións.

EIXE ESTRATÉXICO 6: INVESTIGACIÓN

Obxectivo estratéxico 1. Reforzar a investigación e a transferencia de resultados.

Obxectivos operativos:

- a. Potenciar os espazos para a difusión de traballos de investigación.
- b. Intensificar a colaboración na organización de eventos e congresos científicos.
- c. Integrar o labor dos departamentos e dos grupos de investigación nunha estratexia conxunta de investigación e transferencia dos resultados de investigación.

EIXE ESTRATÉXICO 1: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Eixe estratéxico 1: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO						
Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor	Obxectivo
Consolidar a nova Facultade de Economía e Empresa	Desenvolvemento normativo e adaptación dos regulamentos internos	Elaborar o novo regulamento de réxime interno	Decano	Aprobación do regulamento pola Xunta de Facultade	0	Aprobación anterior a decembro 2012
		Elaborar o novo regulamento de prácticas	Vicedecana de relaciones Empresa-FEE	Aprobación do regulamento pola Xunta de Facultade	0	Aprobación anterior a decembro 2012
		Elaborar o novo regulamento de Traballos de Fin de Grao	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Aprobación do regulamento pola Xunta de Facultade	0	Aprobación anterior a decembro 2012
		Adaptar o regulamento de cambios de quenda	Vicedecana de Organización Académica	Aprobación do regulamento pola Xunta de Facultade	0	Aprobación anterior a decembro 2012
	Consolidación do Sistema de Garantía Interna de Calidade	Adecuación do SGIC para adaptalo ao seguimento dos títulos e á nova realidade do centro	Vicedecana de Calidade	Aprobación do manual de calidade da FEE	0	Aprobación anterior a decembro 2014

Profundar no EEES e a internacionalización do centro	Intensificar os intercambios de estudantes e profesores coas universidades europeas e latinoamericanas		Vicedecana de Relacións Internacionais e Movilidade	Número convenios de intercambio	76	85
		Incrementar o número de convenios de intercambio con universidades estranxeiras	Vicedecana de Relacións Internacionais e Movilidade	Valor medio resposta enquisa a estudantes: As actuacións dirixidas aos programas de mobilidade dos estudantes son adecuadas	3.00	3.5
		Aumentar o número de estudantes de intercambio	Vicedecana de Relacións Internacionais e Movilidade	Taxa de intercambio entrada	5.10%	6.5%
				Taxa de intercambio saída	5.90%	7.0%
		Aumentar o número de estadias de profesores en centros estranxeiros	Vicedecana de Relacións Internacionais e Movilidade	Taxa de mobilidade profesorado	5.30%	8.5%
		Na vindeira revisión dos plans de estudo dos graos, promover a introdución de materias optativas de idiomas con especialización no ámbito da Economía e da Empresa	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Número materias optativas de idiomas nos Plans de Estudo	0	2
	Implantar un proxecto piloto de docencia en inglés	Implantar un grupo de docencia plurilingüe no grao de ADE	Decano	Número de créditos impartidos en inglés	0	96
	Velar por un acaído cumprimento das guías docentes	Implantar un procedemento de revisión e mellora das guías docentes	Coordinadores de Titulación	Valor medio resposta enquisa a profesorado: Lévanse a cabo mecanismos de revisión anual das guías das materias.	4.1	4.5
		Desenvolvemento de sesións informativas sobre os obxectivos e a elaboración das guías docentes	Coordinadores de Titulación	Valor medio resposta enquisa a profesorado: Os mecanismos de axuda para a elaboración e deseño das guías das materias son adecuados.	4.3	4.5
	Ofrecer novos programas de simultaneidade de estudos con outras titulacións	Implantar novos programas de simultaneidade	Decano	Número programas de simultaneidade	1	3
	Incrementar a oferta de mestrados universitarios	Deseñar e ofrecer novos mestrados universitarios	Decano	Número mestrados ofrecidos	2	4

EIXE ESTRATÉXICO 2: SERVIZOS DE APOIO AO ESTUDANTADO

Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor inicial	Obxectivo
Fomentar a empregabilidade de graduados e posgraduados	Deseñar e implantar unha bolsa de traballo para os egresados da FEE	Promover unha asociación de antigos alumnos da FEE para incrementar a presenza social do centro.	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Número alumnos vinculados a asociación	0	100
		Facilitar a través da asociación de antigos alumnos o contacto de egresados da FEE co contorno laboral.	Vicedecana de Relacións Empresa-FEE	Número xornadas/seminarios por ano	0	2
		Desenvolver unha bolsa de traballo vinculada á FEE utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Número alumnos vinculados a asociación	0	200
	Orientar aos estudantes cara á inserción no mercado laboral	Reforzar o Plano de Acción Titorial	Coordinadora PAT	Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito coas accións que orientan ao estudante	ADE: 2,8; ECO: 3,1; EMP: 2,14	4
		Realizar cursos e xornadas formativas de orientación laboral	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Valor medio resposta enquisa a estudantes: As actuacións encamiñadas a prepara ao estudante, para a inserción ao mundo laboral ou a continuación de novos estudos, son adecuadas.	ADE: 2,3; ECO: 2,3; EMP: 2,2	4
	Consolidar e ampliar a demanda de titulacións da Facultade	Profundar no deseño dos plans de promocións das titulacións	Deseñar anualmente un novo Plan de Promoción da Facultade	Vicedecana de Calidade	Taxa de matriculados de primeira preferencia	ADE: 1,325; EMP: 0,2; ECO: 0,8.

EIXE ESTRATÉXICO 3: RECURSOS DE APOIO AO ENSINO

Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor base (2012)	Target (2015)
Profundar no EEES e a internacionalización do centro	Adaptar o edificio da Facultade ás necesidades docentes vinculadas ao EEES	Construción de aulas adaptadas ás esixencias do EEES, así como espazos para desenvolver traballos colaborativos.	Vicedecano de Infraestructuras e Equipamento	Número postos en aulas		2484
				Valor medio resposta enquisa a estudantes: As aulas (acondicionamento, equipamento, iluminación, mobiliario, etc.) son adecuadas para o desenvolvemento do ensino.	ADE: 3,5; ECO: 3,5; EMP: 3,4	ADE: 3,7; ECO: 3,7; EMP: 3,7
Achegar a FEE ao tecido empresarial	Ampliar a carteira de convenios con empresas para á realización das prácticas.	Sinatura de novos convenios de prácticas	Vicedecana de Relacións Empresa-FEE	Número de convenios de prácticas	85	100
				Número de alumnos que participan en prácticas	144	200
	Promover activamente a participación de profesionais da empresa o da administración pública na vida académica	Sinatura de convenios de colaboración con organizacións empresariais e públicas para a integración de relatores nos mestrados. Crear un foro permanente de intercambio entre directivos de empresas e estudantes. Potenciar a actividade das cátedras de empresa como ferramenta para canalizar a participación de persoas relevantes do contorno económico, empresarial e institucional.	Vicedecana de Relacións Empresa-FEE	Número de seminarios de relatores externos en mestrados e/ou doutoramento por ano	1	4
				Número de empresas vinculadas á rede de antigos alumnos	0	25
				Número de seminarios/conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras / ano	12	15
				Número de xornadas e seminarios sobre emprendemento / ano	5	6
Establecer unha colaboración efectiva co Servizo de Apoio ao Emprendemento para que membros da FEE poidan asesorar durante a creación de spin-offs universitarias	Organizar xornadas e seminarios sobre o tema de emprendemento. Facilitar que as cátedras de empresa que operan na FEE actúen como ámbito onde se poidan coñecer experiencias de emprendemento reais.	Vicedecano de Titulacións e Estudantes	Número de seminarios/conferencias de relatores externos vinculados ás Cátedras	12	15	

EIXE ESTRATÉXICO 4: RESULTADOS

Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor base	Obxectivo
Mellorar os resultados da actividade de ensino-aprendizaxe	Manter grupos de docencia de tamaño reducido	Planificar a docencia para que o tamaño dos grupos non supere 45 estudantes	Vicedecana de Organización Académica	Tamaño medio dos grupos	ECO: 31,3; EMP: 27,7; ADE: 31,3; ADE+D: 27,7	40
	Mellorar a coordinación da docencia	Analizar a coordinación horizontal e vertical para evitar solapamentos e repeticións de contidos nas materias.	Coordinadores de Grao	Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito coa planificación do ensino	ECO: 3,2; EMP: 3,6; ADE: 2,5	ECO: 4; EMP: 4; ADE: 4
		Fomentar a cooperación entre os profesorado do mesmo curso para equilibrar no tempo a carga de traballo do estudantado.	Coordinadores de Grao	Valor medio resposta enquisa a estudantes: Estou satisfeito co desenvolvemento do ensino	ECO: 3,1; EMP: 3; ADE: 3	ECO: 4; EMP: 4; ADE: 4
	Incrementar a taxa de graduación das titulacións de mestrado	Promover o comezo do desenvolvemento do traballo fin de mestrado dende o inicio do curso.	Coordinadores de Mestrado	Taxa de graduación	MUBF: 23,3%; MXPP: 25%	80%
		Fomentar e incentivar a participación dos docentes na dirección de traballos fin de mestrado.	Coordinadores de Mestrado			

EIXE ESTRATÉXICO 5: GARANTÍA DE CALIDADE

Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor base	Obxectivo
Consolidar o proceso de xestión de calidade	Elaborar o manual de calidade da nova facultade	Adaptar o manual do SGIC ao novo centro	Vicedecana de Calidade	Aprobación manual de calidade da FEE	0	1
	Consolidar o proceso de revisión e mellora das titulacións	Consolidar o procedemento de valoración das titulacións e o establecemento de Plans de Mellora.	Vicedecana de Calidade	Conformidade informes de seguemento das titulacións	0	Renovación de todas as acreditacións

EIXE ESTRATÉXICO 6: INVESTIGACIÓN

Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo	Acción	Responsable	Indicador	Valor base	Obxectivo
Reforzar a investigación e a transferencia de resultados	Potenciar os espazos para a difusión de traballos de investigación	Establecer un punto de encontro dos investigadores: realización de workshops e seminarios de investigación.	Decano / Comisión de Doutoramento	Número workshops e seminarios de investigación / ano	9	15
		Editar Documentos de Traballo por parte da Facultade para a difusión das investigacións do noso persoal.	Decano / Comisión de Doutoramento	Número documentos publicados / ano	0	6
	Intensificar a colaboración na organización de eventos e congresos científicos	Fomentar as relacións con institucións alleas á nosa	Decano	Número de seminarios de relatores externos en mestrados e/ou doutoramento por ano	1	6
		Organizar congresos e seminarios científicos na Facultade.	Decano	Número congresos organizados / ano	1	1
	Integrar o labor dos departamentos e dos grupos de investigación en unha estratexia conxunta de investigación e transferencia dos resultados de investigación	Elaborar e implantar un novo programa de doutoramento.	Decano	Implantación efectiva dun novo programa de doutoramento	0	Implantación no curso 2013/2014